



## AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.

En relación ó procedemento aberto relativo a "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS" do Concello de Arzúa, solicitamos aclaración dos puntos que se exponen a continuación.

### 1. ACTIVIDADES E OBXECTO DO CONTRATO

Establece o prego de prescricións técnicas de adxudicación, no punto 1, que ten por obxecto o contrato o servizos para a organización, planificación e impartición das actividades deportivas e escolas deportivas no Concello de Arzúa.

Asemade, no punto 1.1. letra A, establécese que:

*"A empresa adxudicataria colaborará con monitores, medios de transporte de material e persoal de carga e descarga, na posta en funcionamento de:*

- A. *Actividades Deportivas Municipais: "Día do Deporte na Rúa", "Campamento Municipal de Verán", xornadas de exhibición das Escolas Deportivas, Escolas Deportivas de verán, e liga local de fútbol-saia, liga intermunicipal (senior e categorías base) de fútbol-sala, ou calquera outra actividade puntual que se organice dende a Concellería de Deportes."*

En relación a este punto solicitamos aclaración sobre a carga horaria de cada unha das actividades relacionadas no prego e sobre a cuantía dos medios de persoal (nº de traballadores/hora) que se estiman necesarios para o correcto desenvolvemento do servizo.

Do mesmo modo solicitase aclaración sobre a ubicación e datas de celebración das mesmas.

### 2. ACTIVIDADES DE XOGOS TRADICIONAIS.

O prego establece no punto 1.1. letra C, que a adxudicataria deberá *"poñer en funcionamento e promover a práctica de xogos tradicionais"*

Solicitamos aclaración se esa práctica comprende un obxectivo dentro das actividades expostas nas escolas ou se o que pretende expor o prego é que o adxudicatario deberá fomentar a practica mediante a realización de outra actividade a maiores das relacionadas, establecendose outro horario e alcance de usuarios.

### 3. LIGA LOCAL DE FUTBOL SALA

O punto 4.5., fixa dentro das Obrigas da empresa adxudicataria *"aboar as retribucións que correspondan aos árbitros da liga local de fútbol sala"*.

Esta actividade non aparece comprendida como tal no obxecto do contrato, salvo a apreciación exposta na letra A do punto 1.1. en relación a colaboración con monitores en liga local de fútbol sala e liga intermunicipal.

Resulta totalmente necesario unha explicación máis detallada do execución dos servizos que comprenden ditas ligas, resultando significativo a cuantía de horas totais que



se estima realizarán os árbitros tanto en partidos de liga, ou en posibles competicións adicionais típicas tales como Trofeos de Copa ou Torneos de veteráns.

As aclaración os puntos expostos resultan fundamentais para a realización do estudo económico correcto do servizo polo que rogamos informen o antes posibel sobre as cuestións plantexadas.

E para que así conste os efectos oportunos, asina en Cambre a 5 de abril do 2016

Departamento de RR.HH. y administración  
Axíña Servicios Deportivos S.L.



## RESPOSTAS AS DÚBIDAS PRESENTADAS POR AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS S.L.

### **Día do Deporte na Rúa:**

Carga horaria.- entre 5 e 7 horas

Ubicación.- inmediacións do Campo da Feira

### **Campamento municipal de verán:**

Carga horaria.- aproximadamente 3 horas / día / 4 días

Ubicación.- instalacións municipais

### **Xornadas de exhibición das Escolas Deportivas (patinaxe e bádminton):**

Carga horaria.- 2 horas

Ubicación.- Pavillóns polideportivos municipais

### **Escolas deportivas de verán:**

Carga horaria.- incluída nas horas totais do prego de prescripcions técnicas, "punto 1 apartado 1.1 B)"

Ubicación.- Pistas de tenis descubertas sitas na rúa Baltasar Pardal

### **Liga local de fútbol-sala:**

A empresa adxudicataria deberá asumir o custo das arbitraxes (árbitros federados) e persoa encargada da mesa de cronometradores da liga e copa local de fútbol-sala, o importe variará segundo o número de equipos inscritos nos devanditos torneos. Na actualidade estase a levar a cabo con un total de 7 equipos xogándose unha xornada por semana os luns de 21:00h a 23:00h.

### **Actividades de xogos tradicionais:**

Non se trata de facer outra escola deportiva de xogos tradicionais, senon facer algunha xornada puntual ao longo do ano.